



O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia

Edición 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia

Edición 2012

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de
Galicia

Santiago de Compostela
2013

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALICIA	8
I.1.Principais datos do Software Libre / Privativo	9
I.2.Empresas que non usan Software Libre	43
II.AS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOLUCIÓNS TIC	46
II.1. Empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre	47
II.2. Empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre	58
ANEXO I	62
III. CONCLUSIÓNS	63

INTRODUCCIÓN

Este informe presenta os resultados relativos á implantación e uso de Software Libre nas empresas informáticas de Galicia, procedentes da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da información en Galicia”, realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

O estudo recolle a situación do ano 2012 e a súa evolución con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados co Software Libre nas empresas informáticas galegas:

- Principais datos do Sotware Libre. Analízase o grao de penetración do Sotware Libre e do Software Privativo segundo as características das empresas informáticas.
- Características das empresas informáticas que non utilizan Software Libre. Este punto céntrase na análise das motivacións e perspectivas das entidades que non utilizan o Software Libre.
- As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo realizouse entre empresas galegas atendendo aos seguintes criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** empresas informáticas con actividade en Galicia, adicadas ás seguintes actividades CNAE 2009: 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5 que non son persoas físicas. O universo de empresas está conformado por 1.140 unidades².

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 299 entrevistas

■ **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego, actividade e provincia de localización, nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,97\%$.

■ **Traballo de campo:** do 31 de marzo ao 12 de xuño de 2012.

Ao longo da exposición, para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para logo descender ata outras variables independentes como a provincia, o número de empregados/as ou a actividade da empresa, neste último caso ofrecendo as desagregacións de datos para aquelas actividades económicas que teñen representatividade estatística.

Software libre é calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de pedir permiso nin pagar licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, software libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:


² Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais, ano 2010.

- Liberdade 0. Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- Liberdade 1. Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.
- Liberdade 2. Liberdade de distribuír copias a calquera.
- Liberdade 3. Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

Un programa é software libre se os usuarios teñen todas estas liberdades. Así pois, debería ter a liberdade de distribuír copias, sexa con ou sen modificacións, sexa de balde ou cobrando unha cantidade pola distribución, a calquera.

Software Privativo, pola contra, é aquel programa informático que o usuario non ten concedida algunha das liberdades anteriores. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto nin pode estudalo, nin modificalo; e tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais este tipo de software soe levar aparellado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.

I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS INFORMÁTICAS DE GALICIA



☞ Un 82% das empresas informáticas galegas dispoñen de Software Libre, 9,8 puntos máis que no ano 2010.

☞ O maior incremento de Software Libre rexistrouse nos sistemas operativos libres dos ordenadores .


I.1. Principais datos do Software Libre / Privativo

G.1. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas informáticas con Ordenadores e Servidores

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

A totalidade de empresas informáticas galegas teñen ordenadores. No ano 2012, experimentouse un lixeiro incremento da porcentaxe de empresas informáticas con servidores respecto ao ano 2010 (3,1 puntos porcentuais máis).

C.1. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con ordenadores e servidores	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	84,3	90,9	64,0	82,1	81,9

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

As maiores diferenzas tendo en conta a ubicación da empresa, obsérvanse comparando a presenza de servidores, en Lugo (90,9%) con respecto a Ourense (64,0%).

C.2. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con ordenadores e servidores	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	77,7	90,0	100,0	81,9

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas informáticas con servidores incrementase a medida que o fai o tamaño da empresa.

C.3. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O CNAE

Empresas con ordenadores e servidores	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	80,4	90,0	100,0	100,0	77,8	78,7	81,9

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Analizando a actividade da empresa, a porcentaxe de empresas con servidores adicadas á reparación de ordenadores e equipos de comunicación supón un 77,8% fronte ao 100% das empresas que se adican a portais web ou a actividades de publicación en TIC.

C.4. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con ordenadores	PROVINCIA (Medias)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Ordenadores	12,3	10,1	6,8	6,9	11,5

Base: empresas informáticas que teñen ordenadores
Fonte: OSIMGA

Empresas con servidores	PROVINCIA (Medias)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Servidores	4,7	2,1	2,9	2,5	3,7

Base: empresas informáticas que teñen servidores
Fonte: OSIMGA

Respecto ao número medio de equipos, os valores máis altos tanto de ordenadores como de servidores sitúanse na provincia da Coruña (12,3 ordenadores e 4,7 servidores) mentres que os mínimos referidos a ordenadores prodúcense en Ourense (6,8) e de servidores, en Lugo (2,1).

C.5. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con ordenadores	Nº DE EMPREGADOS/AS (Medias)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Ordenadores	5,4	9,8	71,8	11,5

Base: empresas informáticas que teñen ordenadores
Fonte: OSIMGA

Empresas con servidores	Nº DE EMPREGADOS/AS (Medias)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Servidores	2,3	3,1	14,5	3,7

Base: empresas informáticas que teñen servidores
Fonte: OSIMGA

Nos dous casos, tanto para servidores como ordenadores de usuario, a media incrementase obviamente a medida que o fai o tamaño da empresa.

C.6. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO O CNAE

Empresas con ordenadores	CNAE (Medias)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Ordenadores	15,5	5,6	6,0	10,0	9,1	5,4	11,5

Base: empresas informáticas que teñen ordenadores

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Empresas con servidores	CNAE (Medias)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Servidores	5,1	2,4	2,2	2,7	1,1	1,8	3,7


Base: empresas informáticas que teñen servidores

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

O valor medio máis alto de equipos, tanto de ordenadores (15,5) como de servidores (5,1) dáse nas empresas informáticas que se adican á Tecnoloxía da información e demais servizos informáticos.

G.2. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE



Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA


Un 82,0% das empresas informáticas galegas posúe Software Libre. A evolución do Software Libre amosa un crecemento de 9,8 puntos porcentuais con respecto ao ano 2010.

G.3. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas informáticas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

C.7. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con Software Libre	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	80,6	82,6	84,0	83,1	82,0
Non	19,4	17,4	16,0	16,9	18,0

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

O factor territorial non parece influir decisivamente na existencia ou non de Software Libre nas empresas informáticas, aínda que cabe resaltar unha maior implantación na provincia de Ourense.

C.8. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con Software Libre	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sí	82,3	78,7	87,5	82,0
Non	17,7	21,3	12,5	18,0

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

Unha das claves da análise parece atoparse no tamaño da empresa, xa que nas empresas de 10 e máis empregados/as obsérvase unha maior implantación do Software Libre, elevándose ata un 87,5%, 5,5 puntos porcentuais por riba da media.

C.9. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O CNAE

Empresas con Software Libre	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Sí	82,1	90,0	93,8	100,0	83,3	73,7	82,0
Non	17,9	10,0	6,3	0,0	16,7	26,3	18,0

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I


A actividade amósase como un factor decisivo á hora de contar con Software Libre, destacando pola presenza nas empresas adicadas a Actividades de Publicación TIC, cun 100% de presenza do Software Libre, mentres que nas Industrias comerciais TIC a porcentaxe descende ata o 73,7%.

G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Libre en ordenadores e servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Tendo en conta a tipoloxía de equipamento (ordenador de usuario ou servidor), a análise pormenorizada amosa unha idea de como avanza a demanda. Aínda que, o máis extendido continúa sendo a presenza de Software Libre nos ordenadores, obsérvase un importante crecemento do Software Libre, tanto en ordenadores como en servidores.

Tres de cada catro empresas informáticas xa contan con Software Libre nos ordenadores, cun aumento de 6,4 puntos porcentuais con respecto ao ano 2010. Un 58,8% das empresas informáticas dispón de Software Libre nos servidores. Esta porcentaxe ascende ao 71,8%, se se consideran, exclusivamente, as empresas informáticas que teñen servidores (81,9%).

G.5. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS / AS

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


(1) Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011.

(2) Ata o ano 2010, este tramo era de 10 a 49 asalariados/as. No ano 2012 incorporouse o tramo de 50 ou máis. Polo seu número reducido de casos o incluimos e o transformamos nun tramo de 10 e máis asalariados / as.

No caso dos ordenadores, a porcentaxe de empresas con Software Libre nas empresas máis pequenas é superior ás porcentaxes que se rexistran nos restantes segmentos empresariais.

G.6. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

As lixeiras variacións a nivel xeográfico da presenza de Software Libre en ordenadores amosan de novo que Ourense destaca na implantación de Software Libre por riba da media da Comunidade Galega: 75% global fronte ao 80% da provincia ourensana.

G.7. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES SEGUNDO O CNAE

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


No caso da actividade á que se adica a empresa, destacan nesta ocasión, as do subsector de creación de portais (87,5%) así como as adicadas á reparación de ordenadores e equipos de comunicación (83,3%)

Un 58,8% das empresas informáticas galegas posúen servidores con Software Libre, 9,5 puntos máis que no ano 2010. Esta porcentaxe ascende ao 71,8%, se se consideran, exclusivamente, as empresas informáticas que teñen servidores (81,9%).

G.8. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS / AS

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

(3) Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011.


(4) Ata o ano 2010, este tramo era de 10 a 49 asalariados/as. No ano 2012 incorporouse o tramo de 50 ou máis. Polo seu número reducido de casos o incluimos e o transformamos nun tramo de 10 e máis asalariados / as.

No caso dos servidores con Software Libre, o tamaño da empresa é un factor importante, acandando unha implantación do 82,6% nas empresas de 10 ou máis asalariados/as. Non obstante, este indicador experimentou un crecemento significativo en todos os estratos de asalariados/as.

Considerando soamente as empresas informáticas con servidores, a implantación do Software libre nos servidores elévase ao 72,5% nas empresas de 0 a 2 asalariados/as e ao 65,5% nas empresas de 3 a 9 asalariados/as, aínda que a súa presenza continúa a ser maioritaria entre as empresas de 10 ou máis asalariados/as.

G.9. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Neste indicador, as empresas informáticas da Coruña e Lugo son as que se sitúan por riba da media. Non obstante, se consideramos soamente as empresas informáticas que teñen servidores (81,9%), as porcentaxes máis elevadas correspóndense coa Coruña (77%) e Ourense (75%)

G.10. EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES SEGUNDO O CNAE

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

As actividades máis destacadas en canto á dispoñibilidade de Software Libre en servidores son a de actividades de publicación TIC (90,9%) a de proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas (90%) e portais web (87,5%), observándose unha importante fenda cos outros sectores.

G. 11. PORCENTAXE DE ORDENADORES / SERVIDORES CON SOFTWARE LIBRE RESPECTO AO NÚMERO TOTAL DE ORDENADORES / SERVIDORES

(% calculada entre as empresas informáticas que non son persoas físicas e teñen ordenadores / servidores con software libre)



Fonte: OSIMGA


Entre as empresas informáticas que contan con Software Libre, este está presente case na metade dos ordenadores e servidores dispoñibles nas empresas.

G. 12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas informáticas con Software Privativo

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

(1) Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011.

Un 95,2% das empresas informáticas galegas dispoñen de Software Privativo. Aínda que tamén hai un incremento do Software Privativo nas empresas informáticas galegas, non aumenta na mesma proporción que no Software Libre. Neste caso, o crecemento é soamente de 2,2 puntos porcentuais no período 2010-2012, fronte aos 9,8 puntos de incremento que se rexistraba no Software Libre.

C.8. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas con Software Privativo	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	91,0	100,0	100,0	98,3	95,2
Non	9,0	0,0	0,0	1,7	4,8
N	134	22	25	117	299

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

O aspecto xeográfico indica que a totalidade de empresas informáticas de Lugo e Ourense teñen Software Privativo, sendo A Coruña (cun 91%) a que ostenta a última posición en canto a este tipo de software.

C.9. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas con Software Privativo	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sí	95,3	95,0	95,7	95,2
Non	4,7	5,0	4,3	4,8
N	215	61	23	299

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o tamaño da empresa non se observan diferenzas significativas respecto a presenza ou non de Software Privativo.

C.10. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO SEGUNDO O CNAE

Empresas con Software Privativo	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Si	95,2	100,0	100,0	100,0	83,3	96,0	95,2
Non	4,8	0,0	0,0	0,0	16,7	4,0	4,8
N	169	10	16	11	19	75	299

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I


A actividade, ao igual que ocorría co Software Libre, amósase como un factor determinante á hora de dispoñer de Software Privativo, destacando a maior presenza nas empresas adicadas a Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas, a Portais web ou as de Actividades de Publicación TIC, todas elas cun 100% de presenza do Software Privativo.

G. 13. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Privativo en ordenadores e servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011


Analizando a evolución deste indicador, a presenza de Software Privativo aumentou 0,9 puntos nos ordenadores, e descendeu lixeiramente nos servidores (2,2 puntos).

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres nos ordenadores

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que teñen ordenadores)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Un 59,4% e un 73,6% das empresas informáticas teñen sistemas operativos e aplicacións libres nos ordenadores, respectivamente. Nos dous casos, obsérvase un importante crecemento respecto ao ano 2010, de 24,4 puntos porcentuais en sistemas operativos e 16,6 puntos en aplicacións libres.

C.11. EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

Sistemas operativos e aplicacións libres	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sistemas operativos libres	57,5	68,2	73,1	57,8	59,4
Aplicacións libres	70,9	77,3	80,0	75,0	73,6
N	134	22	25	117	299

Base: empresas informáticas que teñen ordenadores

Fonte: OSIMGA

As empresas informáticas de Ourense son as que presentan a porcentaxe máis alta tanto en sistemas operativos libres como en aplicacións libres.

C.12. EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS ORDENADORES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Sistemas operativos e aplicacións libres	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sistemas operativos libres	62,8	55,0	39,1	59,4
Aplicacións libres	75,0	70,5	65,2	73,6
N	215	61	23	299


Base: empresas informáticas que teñen ordenadores
Fonte: OSIMGA

En función do tramo de empregados / as, son as empresas máis pequenas, as que máis frecuentemente contan tanto con sistemas operativos como con aplicacións libres nos ordenadores.

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Privativas nos ordenadores Evolución Galicia⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que teñen ordenadores)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Nove de cada dez empresas informáticas dispoñen de sistemas operativos e aplicacións privativas, con valores superiores ao software libre. En termos evolutivos, obsérvase un incremento significativo das aplicacións privativas no período 2010-2012, pasando dun 79% a un 89,3% e un lixeiro descenso nos sistemas operativos Privativos.

G.16. PORCENTAXE DE ORDENADORES CON SISTEMAS OPERATIVOS / APLICACIÓNS LIBRES E PRIVATIVAS RESPECTO AO NÚMERO DE ORDENADORES CON SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO

(% calculado sobre as empresas informáticas que teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


A implantación de sistemas operativos libres é moito menor que a de sistemas operativos Privativos, mentres que se observa unha converxencia no caso das aplicacións.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres nos servidores

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% empresas informáticas que teñen servidores)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Na análise dos sistemas operativos e aplicacións libres nos servidores, destacar un crecemento moi significativo do Software Libre no ano 2012 respecto do 2010, 12,1 puntos porcentuais no caso dos sistemas operativos libres nos servidores e de 9,6 puntos porcentuais nas aplicacións libres.

C.13. EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Sistemas operativos e aplicacións libres	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sistemas operativos libres	61,1	55,0	56,3	38,5	51,3
Aplicacións libres	64,6	52,6	75,0	59,4	62,3
N	113	20	16	96	245

Base: empresas informáticas que teñen servidores
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas con sistemas operativos libres nos servidores en Pontevedra é soamente do 38,5%, fronte ao 61,1% de empresas ubicadas na Coruña. No caso das aplicacións libres, a maior porcentaxe dase en Ourense (75%) e a menor en Lugo (52,6%).

C.14. EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS SERVIDORES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Sistemas operativos e aplicacións libres	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sistemas operativos libres	49,1	49,1	70,8	51,3
Aplicacións libres	62,3	59,3	69,6	62,3
N	167	54	23	245

Base: empresas informáticas que teñen servidores
Fonte: OSIMGA


O tamaño da empresa incrementa tanto a implantación de aplicacións como o de sistemas operativos libres dispoñibles nos servidores, de xeito que nas máis grandes é onde se produce a maior porcentaxe.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Privativas nos servidores

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% empresas informáticas que teñen servidores)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

En termos evolutivos, o Software Privativo vaise reducindo con respecto aos datos do ano 2010. No caso dos sistemas operativos en servidores, 3,7 puntos menos e no caso das aplicacións privativas, 4,1 puntos menos.

G.19. PORCENTAXE DE SERVIDORES CON SISTEMAS OPERATIVOS / APLICACIÓNS LIBRES E PRIVATIVAS RESPECTO AO NÚMERO DE SERVIDORES CON SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO

Porcentaxe de servidores con sistemas operativos / aplicacións libres e privativas

(% empresas informáticas que teñen servidores con software libre / Privativo)




Fonte: OSIMGA

Entre os servidores que teñen Software Libre, a porcentaxe de aplicacións libres sitúase no 88,9% mentres que os sistemas operativos libres están instalados no 79,9% dos servidores con Software Libre.

G.20. APLICACIÓNS DE SOFTWARE DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

As aplicacións de software que máis predominan nas empresas informáticas son as de ofimática (85,1%), navegador de Internet (83%), xestor de correo e antivirus e seguridade (ambas as dúas presentes no 81,7% das empresas informáticas galegas).

G.21. APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE/PRIVATIVO DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


Nas aplicacións máis extendidas nas empresas informáticas (ofimática, navegador, xestor de correo, antivirus) obsérvase unha maior presenza de Software Privativo mentres que nas aplicacións con menor presenza nas empresas (xestión de contidos web, traballo en grupo,...) predomina o Software Libre.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Aplicacións de Software Libre dispoñibles nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


Respecto á evolución do Software Libre, vese un incremento xeralizado de case todas as aplicacións libres, cun aumento de máis de 14 puntos porcentuais no caso de antivirus e aplicacións de xestión empresarial, 11,8 puntos nas aplicacións para traballo en grupo e máis de 8 puntos en ofimática, desenvolvemento de software e educación e formación.

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Aplicacións de Software Privativo dispoñibles nas empresas

Evolución Galicia

(% empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Pola contra, no relativo á evolución do Software Privativo, obsérvase un descenso xeral, especialmente nas dúas tipoloxías de aplicacións que xustamente aumentaban en Software libre: as de antivirus e seguridade e as de xestión empresarial.

C.15. APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Aplicacións de software libre dispoñibles nas empresas (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Ofimática	47,8	63,6	56,0	61,5	55,4
Navegador de Internet	47,0	50,0	52,0	56,0	51,4
Xestor de Correo	41,8	56,5	52,0	53,0	48,1
Antivirus e Seguridade	34,3	30,4	52,0	47,0	40,4
Xestión empresarial	25,4	40,9	40,0	35,9	31,5
Xestión de contidos web	29,9	40,9	28,0	37,6	33,7
Traballo en grupo e cooperación	23,9	40,9	24,0	23,1	24,8
Educación e formación a distancia	17,2	36,4	12,0	13,7	16,9
Desenvolvemento de software	38,1	36,4	40,0	33,3	36,2
Outras aplicacións de usuario	37,3	31,8/	24,0	36,8	35,4

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

Xeograficamente obsérvase unha maior presenza en xeral de aplicacións de Software Libre nas empresas das provincias de Lugo e Pontevedra.

C.16. APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Aplicacións de software libre dispoñibles nas empresas (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Ofimática	56,0	55,0	52,2	55,4
Navegador de Internet	48,6	58,3	60,9	51,4
Xestor de Correo	48,4	50,0	40,9	48,1
Antivirus e Seguridade	43,5	36,1	21,7	40,4
Xestión empresarial	34,0	29,5	17,4	31,5
Xestión de contidos web	31,6	40,0	34,8	33,7
Traballo en grupo e cooperación	22,7	30,0	30,4	24,8
Educación e formación a distancia	16,7	18,0	17,4	16,9
Desenvolvemento de software	32,6	44,3	47,8	36,2
Outras aplicacións de usuario	32,4	44,3	39,1	35,4

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

C.17. APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS SEGUNDO O CNAE

Aplicacións de software libre dispoñibles nas empresas (% de resposta múltiple)	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Ofimática	58,3	60,0	64,7	36,4	55,6	50,0	55,4
Navegador de Internet	53,6	60,0	50,0	18,2	61,1	48,7	51,4
Xestor de Correo	47,6	60,0	50,0	18,2	52,6	50,7	48,1
Antivirus e Seguridade	42,9	40,0	43,8	9,1	50,0	37,3	40,4
Xestión empresarial	33,3	40,0	50,0	18,2	33,3	23,7	31,5
Xestión de contidos web	34,5	40,0	43,8	36,4	21,1	32,9	33,7
Traballo en grupo e cooperación	31,0	40,0	25,0	18,2	10,5	13,3	24,8
Educ. e formación a distancia	20,2	20,0	37,5	18,2	5,6	7,9	16,9
Desenv. de software	42,9	20,0	50,0	18,2	26,3	25,3	36,2
Outras aplicacións de usuario	36,3	60,0	31,3	18,2	31,6	34,7	35,4

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I


En xeral, as empresas adicadas a Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas (CNAE 63.11) ou Portais web (CNA 63.12) teñen unha maior implantación de aplicacións libres que no resto de actividades.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Idioma das aplicacións nas empresas

Evolución Galicia⁽¹⁾

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O castelán é a lingua da maioría das aplicacións que atopamos nas empresas, aínda que tal vez o dato significativo sexa o incremento das demais linguaxes respecto do ano 2010: 13,4 puntos porcentuais no caso do inglés e 2,7 puntos porcentuais no caso do galego.

G.25. EMPRESAS QUE RECIBIRON ALGUNHA ACCIÓN COMERCIAL DE PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE / SOFTWARE PRIVATIVO NO ÚLTIMO ANO

(% sobre as empresas informáticas)



O 29,4% das empresas informáticas galegas recibiron algunha acción comercial de produtos de software Privativo e o 16,1% das empresas recibíronas sobre Software Libre.

C.18. EMPRESAS QUE RECIBIRON ALGUNHA ACCIÓN COMERCIAL DE PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE / SOFTWARE PRIVATIVO NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Empresas que recibiron algunha acción comercial (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sí, sobre Software Libre	11,2	25,9	34,0	16,1
Sí, sobre Software Privativo	22,2	41,2	64,9	29,4
Non	20,1	23,7	21,2	20,9
Ns / Nc	54,6	31,4	10,0	46,4

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA


As empresas máis grandes son as que máis recibiron algunha acción comercial encamiñada a adquirir produtos de Software libre ou Privativo.

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Nivel de satisfacción do uso do software

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que teñen Software Libre / Privativo)



Fonte: OSIMGA

O grao de satisfacción no uso do Software Libre continúa en valores superiores ao grao de satisfacción do uso de Software Privativo e manténdose en valores próximos aos de 2010.

C.19. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Nivel de satisfacción do uso do software (0-moi baixo a 10-moi alto)	Nº DE EMPREGADOS/AS (MEDIA)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Software Libre	7,8	7,6	6,8	7,7
Software Privativo	7,1	7,4	7,4	7,2

Base: empresas informáticas que teñen Software Libre / Privativo
Fonte: OSIMGA

As empresas informáticas máis satisfeitas co Software Libre son as máis pequenas, evolucionando negativamente tal valoración a medida que a empresa é máis grande. Pola súa banda, o Software Privativo mantense estable na valoración que lle dan as empresas informáticas, baixando lixeiramente a satisfacción das que teñen menos traballadores.

C.20. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE SEGUNDO O CNAE


Nivel de satisfacción do uso do software (0-moi baixo a 10-moi alto)	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Software Libre	7,8	7,6	8,7	6,9	6,1	7,6	7,7
Software Privativo	7,4	6,1	6,6	7,1	6,1	7,2	7,2

Base: empresas informáticas que teñen Software Libre / Privativo
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

As empresas adicadas a actividades de tecnoloxía e servizos informáticos ofrecen unha valoración do Software Libre superior á media, mentres que as que traballan con tecnoloxía da información e servizos informáticos valoran mellor que as demais ao Software Privativo.

G.27. VALORACIÓN DE COÑECEMENTOS EN SOFTWARE LIBRE/PRIVATIVO DOS TÉCNICOS E PERSOAL NON INFORMÁTICO

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

O nivel de coñecementos en Software Libre acada unha mellor valoración que o de Software Privativo, tanto a nivel de técnicos ou encargados das actividades informáticas coma no caso de persoal usuario non informático.

G.28. FORMACIÓN EN TIC

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


As empresas informáticas proporcionaron máis formación ao persoal técnico que ao persoal usuario non informático e as accións formativas foron en maior medida en Software Privativo, aínda que cabe destacar unha tendencia positiva na formación en Software Libre, tanto do persoal técnico como do persoal usuario.

G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Formación en TIC recibida polo persoal técnico e usuario

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

C.21. FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLOS TÉCNICOS ENCARGADOS DAS ACTIVIDADES INFORMATICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Formación en TIC recibida polos técnicos encargados das actividades informáticas (% de respuesta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Software Libre	21,6	22,7	20,0	24,5	23,0
Software Privativo	24,6	18,1	24,0	33,0	27,5
Ningún deles	26,9	13,6	16,0	11,9	19,4
NS/NC	40,3	59,1	60,0	52,5	47,8

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

As empresas informáticas que máis destacaron na formación ao seu personal técnico encargado de actividades informáticas son as de Pontevedra. Por tamaño, a medida que aumenta o número de empregados / as, tamén o fai a formación TIC proporcionada.

C.22. FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLOS TÉCNICOS ENCARGADOS DAS ACTIVIDADES INFORMÁTICAS SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Formación en TIC recibida polos técnicos encargados das actividades informáticas (% de resposta múltiple)	N° DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Software Libre	16,2	36,1	52,2	23,0
Software Privativo	18,5	41,0	73,9	27,5
Ningún deles	22,2	16,4	4,3	19,4
NS/NC	54,6	36,1	13,0	47,8

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

C.23. FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLO PERSOAL USUARIO NON INFORMÁTICO SEGUNDO A PROVINCIA

Formación en TIC recibida polo persoal usuario non informático (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Software Libre	34,6	13,0	12,0	18,8	12,0
Software Privativo	15,8	13,0	16,0	19,6	17,3
Ningún deles	29,3	21,7	20,0	18,8	23,7
NS/NC	49,6	56,5	64,0	59,8	55,2

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

Con respecto ao persoal usuario non informático, destacan as empresas da Coruña e, novamente, as empresas máis grandes.

C.24. FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLO PERSOAL USUARIO NON INFORMÁTICO SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Formación en TIC recibida polo persoal usuario non informático (% de resposta múltiple)	N° DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Software Libre	6,4	23,3	34,7	12,0
Software Privativo	7,8	35,0	60,8	17,3
Ningún deles	25,8	21,7	8,7	23,7
NS/NC	64,1	38,3	17,4	55,2


Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión da evolución do uso do Software Libre no mercado

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


Se no ano 2010 a previsión do futuro do Software Libre no mercado aventurábase como positiva, ratifícase nesta enquisa do ano 2012.

G.31. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión de encargar un desenvolvemento de software nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

A previsión de encargar un desenvolvemento de software nas empresas ten unha evolución favorable, incrementándose ata o 11,6% a porcentaxe de empresas informáticas que consideran que o realizarán en breve, sobre todo as ubicadas na provincia da Coruña, as que posúen un número de empregados / as superior a 10, ou as adicadas a actividades de publicación TIC.

C.25. PREVISIÓN DE ENCARGAR UN DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Previsión de encargar o desenvolvemento de software	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	16,4	4,5	4,0	8,5	11,6
Non	67,2	72,7	88,0	76,1	72,9
Ns / nc	16,4	22,7	8,0	15,4	15,5
N	134	22	25	117	299

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

C.26. PREVISIÓN DE ENCARGAR UN DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Previsión de encargar o desenvolvemento de software	N° DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Sí	10,2	13,3	20,8	11,6
Non	73,1	75,0	62,5	72,9
Ns / nc	16,7	11,7	16,7	15,5
N	215	61	23	299

Base: empresas informáticas
Fonte: OSIMGA

C.27. PREVISIÓN DE ENCARGAR UN DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO O CNAE

Previsión de encargar o desenvolvemento de software	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Sí	11,3	10,0	20,0	54,5	5,6	5,3	11,6
Non	73,8	60,0	66,7	45,5	83,3	76,0	72,9
Ns / nc	14,9	30,0	13,3	0,0	11,1	18,7	15,5
N	169	10	16	11	19	75	299

Base: empresas informáticas

Fonte: OSIMGA


Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Valoración de encargar un desenvolvemento de Software Libre nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que encargarán un desenvolvemento de software)



Fonte: OSIMGA


Dúas de cada tres empresas que encargarían un desenvolvemento en software consideran que sería positivo se este se fixese en Software Libre.

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Medidas para promover o Software Libre nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

A axudas ou subvencións son as medidas máis mencionadas polas empresa galegas para promover o Software Libre nas empresas informáticas, fronte ás demostracións de produtos polas que apostaban no ano 2010.

G.34. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES / SERVIDORES DAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas que teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

A previsión do uso do Software Libre en ordenadores e servidores nas empresas que o teñen é positivo, xa que as empresas informáticas consideran que aumentará nos ordenadores de usuario especialmente, pero tamén nos servidores, tal e como opinan un 37,1% e un 33,9% respectivamente.


I.2. Empresas que non usan Software Libre

G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión do uso do Software Libre nas empresas que non o usan

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Só un 17,7% das empresas informáticas que non usan Software Libre teñen previsto empregalo no futuro. Un 31,1% descartaron a súa utilización e un 43,7% aínda non o consideraron. Á vista destes datos podemos concluír que das, cada vez menos, empresas que no usan Software Libre, a terceira parte son reacias ao seu uso e a maioría das restantes non teñen aínda unha opinión clara ao respecto.

G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Opinión sobre se a empresa se beneficiaría co uso do Software Libre

(% empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

(1) Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

(2) Ata o ano 2010, este tramo era de 10 a 49 asalariados/as. No ano 2012 incorporouse o tramo de 50 ou máis. Polo seu número reducido de casos o incluimos e o transformamos nun tramo de 10 e máis asalariados / as.


A opinión favorable sobre os beneficios de implantar Software Libre entre as empresas informáticas que non o teñen descende lixeiramente respecto ao ano 2010.

G.37. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que non teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O motivo principal entre as empresas que non teñen Software Libre para non empregalo segue sendo a incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais (54,5%), xunto co descoñecemento ou falta de información (30,5%) e a falta de formación ao respecto (24,5%). Tamén se aprecia un importante incremento aducindo como motivo a “Falta de provedores ou soporte”.

Neste sentido, o plan de acción en materia de Software Libre do ano 2013 incorpora un ano máis numerosas actuacións neste sentido. Así no CDTIC prestarase especial atención ás demostracións de solucións libres co obxectivo de diminuír tanto a falta de coñecemento de provedores como a falta de información. Nesta mesma liña, AGASOL apoiará á Oficina de Software Libre na labor de asesoramento particular ás empresas en materia de software libre. Por outra parte, a publicación do Catálogo de provedores e produtos libres no portal Mancomún tamén ten por obxectivo paliar esta falta de coñecemento. Finalmente en canto á falta de formación, tanto o CNTG como o CDTIC continuarán achegando formación específica sobre software libre aos traballadores e empresarios.

II. AS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOLUCIÓN TIC



☞ O 56,7% das empresas informáticas que venden software, ofrecen produtos ou servizos de Software Libre .

☞ Na actual coxuntura económica, o custo é o aspecto que máis positivamente valoran os clientes respecto ao Software libre.


II. As empresas como proveedoras de solucións TIC

G.38. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que ofertan produtos ou servizos de Software, propios ou de terceiros aos seus clientes segundo o nº de empregados / as

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

(1) Ata o ano 2010, este tramo era de 10 a 49 asalariados/as. No ano 2012 incorporouse o tramo de 50 ou máis asalariados/as.

No período 2010-2012, aumentou a porcentaxe de empresas informáticas que ofertaron algún tipo de produto ou servizo software, propios ou de terceiros, pasando dun 50,1% a un 60,8%. Como podemos ver na gráfica, incrementouse especialmente no caso de empresas de 3 a 9 asalariados / as.

C.28. EMPRESAS QUE OFERTAN PRODUTOS OU SERVIZOS DE SOFTWARE AOS SEUS CLIENTES
SEGUNDO A PROVINCIA

Empresas que ofertan produtos ou servizos de software	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	57,5	63,6	72,0	61,5	60,8
Non	42,5	36,4	28,0	38,5	39,2
N	134	22	25	117	299

Base: empresas informáticas
 Fonte: OSIMGA

A comercialización de produtos e servizos software acada as porcentaxes máis elevadas nas empresas ubicadas en Ourense e Lugo. En canto á actividade empresarial, son as adicadas ás tecnoloxías da información e servizos informáticos e ás industrias comerciais TIC as que presentan un valor por riba da media.

C.29. EMPRESAS QUE OFERTAN PRODUTOS OU SERVIZOS DE SOFTWARE AOS SEUS CLIENTES
SEGUNDO O CNAE

Empresas que ofertan produtos ou servizos de software	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Procesam. de datos, aloxamento e activ. conexas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Sí	65,1	60,0	37,5	54,5	36,8	64,0	60,8
Non	34,9	40,0	62,5	45,5	63,2	36,0	39,2
N	169	10	16	11	19	75	299


Base: empresas informáticas
 Fonte: OSIMGA
 Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

G.39. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Barreiras dos clientes á incorporación do Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


O descoñecemento ou falta de información sobre o Software Libre segue sendo unha das principais barreiras para a maior parte dos clientes das empresas informáticas (48,1%). Outros motivos, como a formación ou que desexan manter homoxeneidade ou compatibilidades cos seus sistemas actuais, tiveron un aumento de respostas con respecto aos datos anteriores.

II.1. Empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre

G.40. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO

Comparativa 2008-2012⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Entre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software, o 56,7% delas ofrece produtos de Software Libre e o 82,4% ofrece produtos de Software Privativo.

C.30. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO A PROVINCIA

Software ofertado (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Software Libre	59,1	78,1	53,5	50,5	56,7
Software Privativo	74,3	87,6	93,6	87,1	82,4

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software

Fonte: OSIMGA

A distribución territorial indica que as empresas de Lugo ofertaron máis Software Libre que o resto do territorio galego, mentres que en Ourense destaca máis a oferta do Software Privativo.

C.31. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Software ofertado (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Software Libre	56,7	55,2	60,8	56,7
Software Privativo	82,3	84,3	77,4	82,4

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software
Fonte: OSIMGA

As empresas máis grandes venderon aos seus clientes máis Software Libre, mentres que as que teñen de 3 a 9 asalariados foron de novo as que con maior frecuencia ofertaron produtos de Software Privativo.

C.32. SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO OFERTADO SEGUNDO O CNAE


Software ofertado (% de resposta múltiple)	CNAE (%)						Total
	Tecnoloxía da informac. e servizo informat. CNAE 62	Proceso de datos, hospedaxe e activ. relacionadas CNAE 63.11	Portais web CNAE 63.12	Activ. de publicación TIC CNAE 58.2	Reparación de ordenad. e equipos comunic. CNAE 95.1	Industrias comerciais TIC CNAE 46.5	
Software Libre	61,5	60,1	72,6	20,0	54,5	48,2	56,7
Software Privativo	81,5	70,0	54,7	80,0	90,9	88,3	82,4

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Tendo en conta as actividades desenvolvidas polas empresas atopamos que nas adicadas a Portais web venderon en maior medida Software Libre, mentres que as que traballan na reparación de ordenadores e equipos de comunicación decantáronse máis pola venda de Software Privativo.

G.41. TIPOLOXÍA DE PRODUTOS DE SOFTWARE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software)



Fonte: OSIMGA

Os produtos de software máis ofertados son: os sistemas operativos (46,5%), o software de seguridade (45,7%), software de escritorio (42,6%) e sistemas de xestión de bases de datos (40,4%).

C.33. TIPOLOXÍA DE PRODUTOS DE SOFTWARE QUE OFRECEN AS EMPRESAS INFORMÁTICAS

Aplicacións de software ofertadas (% de resposta múltiple)	(%)		
	Software Libre	Software Privativo	Ofertan produto ou servizo
Sistemas operativos	23,9	43,2	46,5
Software de escritorio	24,3	37,3	42,6
Software de seguridade	16,4	42,9	45,7
Xestión de procesos de negocio	15,5	29,7	34,2
Planificación de recursos empresariais	14,1	19,9	26,5
Xestión da relación cos clientes	14,7	20,4	26,1
Intelixencia de negocio	9,8	15,4	18,9
Xestor documental	13,8	19,7	24,8
Xestión de contidos de portais e páxinas web	22,5	19,5	33,8
Traballo colaborativo	12,9	12,5	19,2
Sistemas de desenvolvemento	14,2	14,8	20,0
Software de virtualización	19,1	23,3	31,6
Servidor de aplicacións	19,3	28,2	35,4
Sistemas de xestión de bases de datos	24,1	31,2	40,4
Servidor de ficheiros	20,9	29,5	36,7
Servidor de correo	21,6	27,4	36,1
Servidor web	22,7	27,5	37,0
E-learning	11,5	11,5	17,6
E-commerce	15,3	12	20,4
Software para dispositivos móbiles	15,9	18,3	25,6
Outras aplicacións	19	26,8	32,4


Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software

Fonte: OSIMGA

Os produtos ou servizos de Software Libre que máis ofertan as empresas informáticas galegas son: o software de escritorio, sistemas de xestión de bases de datos e sistemas operativos. A porcentaxe de empresas que ofrecen produtos en Software Libre supera ou iguala á de Software Privativo no caso de xestores de contidos de portais web, aplicacións para traballo colaborativo e plataformas *e-learning* e *e-commerce*.

G.42. ACTIVIDADES QUE DESENVOLVE A SÚA EMPRESA EN RELACIÓN AO SOFTWARE LIBRE

(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software libre)



Fonte: OSIMGA

Entre as actividades relacionadas co Software Libre que desenvolven as empresas informáticas, o 44,9% das empresas proporciona aos seus clientes servizos de consultoría tecnolóxica e o 39,6% faíno sobre sistemas (infraestrutura, servidores, redes..).

C.34. ACTIVIDADES QUE DESENVOLVE A SÚA EMPRESA EN RELACIÓN AO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

Actividades en relación ao software libre (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
A empresa desenvolve ou mantén un produto de software propio, usa unha licenza libre para distribuílo e prestar servizos en torno a el	34,8	18,2	44,4	30,6	33,0
A empresa proporciona servizos de consultoría tecnolóxica ao redor de produtos de software libre	50,0	36,4	66,7	33,3	44,9
A empresa proporciona servizos de consultoría de sistemas ao redor de produtos de software libre	41,3	50,0	60,0	27,0	39,6
Outras actividades	45,7	50,0	33,3	29,7	39,8

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software libre
Fonte: OSIMGA


As empresas informáticas localizadas en Ourense son as que en maior medida prestan servizos de consultoría tecnolóxica, 21,8 puntos por riba da media. Son as empresas de 10 ou máis empregados/as as que obteñen as porcentaxes máis baixas neste tipo de servizos.

C.35. ACTIVIDADES QUE DESENVOLVE A SÚA EMPRESA EN RELACIÓN AO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS

Actividades en relación ao software libre (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
A empresa desenvolve ou mantén un produto de software propio, usa unha licenza libre para distribuílo e prestar servizos en torno a el	26,1	37,5	60,0	33,0
A empresa proporciona servizos de consultoría tecnolóxica ao redor de produtos de software libre	36,2	54,2	80,0	44,9
A empresa proporciona servizos de consultoría de sistemas ao redor de produtos de software libre	34,8	41,7	70,0	39,6
Outras actividades	40,0	41,7	33,3	39,8

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software libre
Fonte: OSIMGA

G.43. TEN A EMPRESA ALGUNHA SOLUCIÓN LIBERADA POR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA


Máis da metade das empresas (54,3%) non ten no seu catálogo de servizos e produtos ningunha solución liberada por parte dunha administración pública. Destacar tamén que o 38,5% das empresas que responderon NS/NC.

Na actual coxuntura económica, o custo é o aspecto mellor valorado polos clientes aos que se lles ofertan produtos en Software Libre. Destacar tamén o incremento de empresas que indican que os clientes valoran a independencia do provedor e a personalización do software libre.

G.44. ASPECTOS DO SOFTWARE LIBRE QUE VALORAN OS CLIENTES

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾


(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

G.45. A EMPRESA DISPÓN DE PERSOAL CERTIFICADO NALGÚN TIPO DE TECNOLOXÍA OU PRODUTO DE SOFTWARE LIBRE



Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA


Un 6,1% das empresas informáticas dispón de persoal con algún tipo de certificación en tecnoloxías ou produtos de software libre. Este dato aumenta especialmente nas empresas de 10 ou máis asalariados / as chegando ata o 40%.

C.36. A EMPRESA DISPON DE PERSOAL CERTIFICADO EN ALGÚN TIPO DE TECNOLOXÍA OU PRODUTO LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Disposición de persoal certificado	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Si	0,0	12,5	40,0	6,1
Non	55,1	62,5	50,0	56,7
Ns / Nc	44,9	25,0	10,0	37,1
N	69	24	10	103

Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA

G.46.SOLICITUDE DE ALGUNHA DAS CERTIFICACIÓNS ANTERIORES POR PARTE DOS CLIENTES AOS PROFESIONAIS DAS EMPRESAS



Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA

Non hai unha demanda das certificacións en produtos de Software Libre por parte dos clientes, xa que só un 2% das empresas informáticas indicaron que algún dos seus clientes lles solicitou que os seus traballadores/as tiveran certificacións neste tipo de software.


II.2. Empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Prazo no que ofrecerían algún tipo de produto de Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

Respecto das empresas que aínda non ofrecen SwL, reduciuse considerablemente a porcentaxe de empresas informáticas que non consideran incluílo, aínda que só un 8,5% das empresas manifestaron a súa intención de implantalo nos próximos dous anos.

C.37. PRAZO NO QUE OFRECERÍAN ALGÚN TIPO DE PRODUTO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Prazo no que ofrecerán algún produto de Software Libre	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Antes de 1 ano	2,1	2,9	23,1	4,0
De 1 a 2 anos	4,8	2,9	0,0	4,5
Máis de dous anos	1,4	2,9	0,0	1,4
Nunca	17,8	25,7	15,4	18,8
Aínda non o consideraron	45,9	45,7	30,8	44,6
N	146	35	13	196

Base: empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA


As empresas informáticas de 10 e máis empregados/as son as que teñen unha maior predisposición a ofrecer algún produto de Software Libre no próximo ano.

G.48. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Beneficiaríanse se ofreceran Software Libre

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre)




Fonte: OSIMGA

A incerteza polos beneficios de ofrecer produtos de Software Libre é notoria, xa que a metade descoñece se habería ou non un beneficio tanxible no seu uso. Esta incerteza respecto dos beneficios de incluír o software libre na súa carteira de produtos probablemente esta relacionada cunha posible falta de coñecemento sobre os modelos de negocio do Software Libre.

G.49. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Motivos polos que non ofrecen produtos baseados no Software Libre

(% sobre as empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre)



Fonte: OSIMGA

Os motivos polos que non se ofrecen produtos baseados no Software Libre seguen na liña do obtido no ano 2010, xa que seguen citándose en maior medida que os clientes non o demandan ou valoran (sobre todo nas empresas da provincia de Ourense, onde esta porcentaxe chega ata o 35,8%) ou que non está a liña de negocio na empresa (un 32,3% en Pontevedra).

C.38. MOTIVOS POLOS QUE NON OFRECEN PRODUTOS BASEADOS NO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

Motivos polos que non ofrecen produtos baseados no Software Libre (% de resposta múltiple)	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Os clientes non o demandan ou valoran	32,6	6,0	35,8	29,3	29,9
Non está na liña de negocio da empresa	23,2	27,9	9,8	32,3	26,2
É máis adecuada a opción do SP	19,9	14,6	12,3	13,4	16,3
Non é rendible ou por custo	5,9	0,0	8,8	5,1	5,5
Faltan provedores ou soporte	10,2	0,0	8,9	9,3	9,1
Falta de formación ou persoal apropiado	7,8	0,0	6,2	7,8	7,2
Descoñece o SL ou necesita máis información	4,5	0,0	11,8	3,2	4,3
Por inseguridade ou temas legais	3,2	6,0	0,0	0,5	2,0
Outros	11,6	0,0	10,8	1,3	6,6
Ns / nc	29,9	57,5	37,5	33,2	33,5

Base: empresas informáticas que NON ofrecen produtos de software libre
Fonte: OSIMGA

A pouca demanda dos clientes e o feito de que non é unha liña de negocio son os dous motivos máis sinalados nas empresas de menos de 10 empregados / as. Nas de 10 e máis empregados/as destaca que consideren máis axeitado o Software Privativo.

C. 39. MOTIVOS POLOS QUE NON OFRECEN PRODUTOS BASEADOS NO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Motivos polos que non ofrecen produtos baseados no Software Libre (% de resposta múltiple)	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)			Total
	De 0 a 2 empregados /as	De 3 a 9 empregados /as	De 10 ou máis empregados /as	
Os clientes non o demandan ou valoran	28,1	40,9	20,8	29,9
Non está na liña de negocio da empresa	24,9	32,8	22,3	26,2
É máis adecuada a opción do SP	14,3	19,3	29,2	16,3
Non é rendible ou por custo	4,0	13,3	0,0	5,5
Faltan provedores ou soporte	9,4	8,1	9,0	9,1
Falta de formación ou persoal apropiado	6,3	11,3	6,4	7,2
Descoñece o SL ou necesita máis información	4,3	4,7	3,0	4,3
Por inseguridade ou temas legais	1,1	5,1	3,0	2,0
Outros	7,7	4,7	0,0	6,6
Ns / nc	36,8	19,5	35,2	33,5

Base: empresas informáticas que NON ofrecen produtos de Software Libre
Fonte: OSIMGA

ANEXO I: ACTIVIDADES QUE CONSTITÚEN O SECTOR INFORMÁTICO

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións
INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
ACTIVIDADES DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES RELACIONADAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (<i>hosting</i>) e actividades relacionadas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS DE COMUNICACIÓN		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos de comunicación

III. Conclusións

- A totalidade de empresas informáticas galegas teñen ordenadores e un 81,9% contan con servidores.
- Un 82% de empresas informáticas usan Software Libre, experimentando un crecemento de 9,8 puntos porcentuais con respecto ao ano 2010.
- Tres de cada catro empresas informáticas contan con Software Libre nos ordenadores, cun aumento de 6,4 puntos porcentuais con respecto ao ano 2010.
- Un 58,8% das empresas informáticas posúen servidores con Software Libre, 9,5 puntos porcentuais máis que no ano 2010.
- Hai un forte aumento (24,4 puntos) na porcentaxe de empresas informáticas con sistemas operativos libres en ordenadores (do 35% no 2010 pasa a un 59,4% no 2012), e no caso das aplicacións libres o crecemento é de 16,6 puntos porcentuais (do 57% ao 73,6%).
- Obsérvase tamén un crecemento significativo dos sistemas operativos libres nos servidores (51,3% no 2012 fronte ao 39,2% no 2010) así como nas aplicacións libres (62,3% no 2012 fronte ao 52,7% no 2010)
- As aplicacións de software libre que máis posúen as empresas informáticas son as ofimáticas (55,4%), os navegadores de Internet (51,4%), os xestores de correo (48,1%) e as de antivirus e seguridade (40,4%).
- Apréciase un incremento xeralizado de case todas as aplicacións libres, cun aumento de máis de 14 puntos porcentuais no caso de antivirus e aplicacións de xestión empresarial, 11,8 puntos nas aplicacións para traballo en grupo e máis de 8 puntos en ofimática, desenvolvemento de software e educación e formación.

- O nivel de satisfacción do uso do Software Libre é elevado: 7,7 puntos medios nunha escala de 0 a 10.
- O nivel de coñecementos en Software Libre acada unha mellor valoración que o de Software Privativo, tanto a nivel de técnicos ou encargados de actividades informáticas coma no caso de persoal usuario non informático.
- Ratifícase a previsión positiva respecto ao aumento do Software Libre no mercado

Empresas que non usan Software Libre

- O 18% das empresas informáticas non dispoñen de Software Libre.
- Entre as empresas que non utilizan Software Libre, soamente un 17,7% prevén o seu uso futuro.
- Case un tercio das empresas informáticas que aínda non usan Software Libre considera que empregalo sería beneficioso para elas (32,1%).
- O motivo principal indicado polas empresas informáticas que non utilizan Software Libre é a incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais (54,5%), xunto co descoñecemento ou a falta de información do mesmo (30,5%).

Empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre

- O 60,8% das empresas informáticas oferta produtos ou servizos de Software. Entre estas empresas, un 56,7% ofrece produtos de Software Libre.
- A principal barreira entre os clientes das empresas informáticas para a incorporación do Software Libre é o descoñecemento ou a falta de información (48,1%). Na actual coxuntura económica, o custo (76,5%) é o aspecto que máis positivamente valoran os clientes respecto á incorporación do Software Libre.
- Os produtos ou servizos de Software Libre que máis ofertan as empresas

informáticas galegas son: o software de escritorio, sistemas de xestión de bases de datos e sistemas operativos. A porcentaxe de empresas que ofrecen produtos en Software Libre supera ou iguala á de Software Privativo no caso de xestores de contidos de portais web, aplicacións para traballo colaborativo e plataformas e-learning e e-commerce.

- As actividades desenvolvidas polas empresas informáticas en relación ao Software Libre, son maiormente as relativas aos servizos de consultaría tecnolóxica (44,9%).
- Soamente un 7,2% das empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre posúe unha solución liberada por unha administración pública.
- Soamente un 6,1% das empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre dispoñen de persoal con certificación nalgún tipo de tecnoloxía ou produto en Software Libre.

Empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre

- O 44,6% das empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre, aínda non consideraron facelo.
- O motivo principal polo que as empresas informáticas non ofrecen produtos baseados no Software Libre é que os clientes non o demandan ou non o valoran (29,9%).

